



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO



A rede Museística Provincial a través do departamento de didáctica pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso 2015/2016 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con

contidos que entroncan coas programacións escolares de cada nivel.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos este curso deberase contactar co departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.

Actividades permanentes

Crea o teu museo

Metodoloxía: Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo.

Nivel educativo: 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

Museo relator de historias

Metodoloxía: Con esta actividade son os propios escolares os que constrúen o significado das pezas do museo, co que se potenciará a súa capacidade de observación e reflexión ao tempo que se fomenta o seu espírito crítico.

Nivel educativo: 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

O Museo como retrovisor histórico

Metodoloxía: As coleccións do museo permitirán ao alumnado interpretar os vestixios do pasado e analizar a súa importancia no desenvolvemento da nosa cultura .

Nivel educativo: 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria e ESO.

Viaxes polos Museos da rede

★ Unha viaxe de morte

Metodoloxía: Atrevédevos a facer unha viaxe ao máis aló para entender a morte a través das súas manifestacións artísticas no Museo Provincial.

Nivel educativo: 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.



★ A cociña no museo e o museo na cociña

Metodoloxía: Esta actividade céntrase nas pezas onde podemos ver a evolución da alimentación, costumes e instrumentos propios da cociña de diferentes épocas, desde a Prehistoria ata o día de hoxe.

Nivel educativo: 5º e 6º de Educación Primaria, 1º e 2º de ESO.

★ Rutas literarias

Metodoloxía: Hai catro rutas literarias: Ruta da pantasma, Ruta da serpe, Ruta do paxaro e Ruta do trasno. Cada unha das rutas está baseada no relato do libro "Contos do museo". Conta cunha folla de ruta que o alumnado debe completar xa no museo. Ao final comprobamos os resultados de cada unha das catro expedicións.

Nivel educativo: 1º a 4º da ESO e BAC.

Recursos materiais: libro e follas de ruta.



Actividades non permanentes

(dispoñibles so durante o primeiro trimestre)

★ Animalandia

Metodoloxía: A través dun percorrido multisensorial polo museo iremos á procura dos animais que se agochan nalgunhas obras do Museo

Nivel educativo: Educación Infantil, 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

★ A arte de xuntar

Metodoloxía: Do 10 de setembro ao 2 de outubro ofrecemos visitas guiadas breves relacionadas coa exposición temporal *A arte de xuntar* finalizarase que finalizan coa realización dunha actividade didáctica adaptada ao ciclo educativo dos estudantes (Crea para xogar, Xogueteando, Convohistorias, Tempo contratempo).

Nivel educativo: Tódolos niveis.

★ Historias por pezas

Metodoloxía: Presentaremos un xeito diverso de coñecer as historias da Historia para que os rapaces comprendan a misión dos museos como custodios de pezas que axudan a explicar o noso pasado e comprender o futuro.

Nivel educativo: 5º e 6º de Educación Primaria.

★ Visitas en lingua inglesa

Metodoloxía: As coleccións do museo abren un inmenso abano de posibilidades para ampliar o vocabulario dos rapaces en lingua inglesa e os nosos espazos convértense nun lugar onde practicar inglés de xeito diferente e divertido.

Nivel educativo: 1º a 4º da ESO e BAC.

Departamento de Didáctica MPL

982 242 300 ext. 31

didactica@museolugo.org

